

PROGRAMA GRUPO ESPECIAL DE SEGUIMIENTO (G.E.S.)

CATEGORÍA INFANTIL

Tempada 2025-26

1. Obxectivos e idea principal

A idea principal do programa é a de continuar co traballo de seguimento que comezou en categoría alevín e infantil nas tempadas anteriores. Neste contexto, a Federación Galega de Natación (FEGAN), dentro da súa estratexia deportiva a curto-medio prazo, propón este Programa de Seguimento Infantil cos seguintes obxectivos.

Aportar ou seguir aportando unha serie de ferramentas actualizadas para traballar contidos a diferentes niveis. A persoa adestradora ten que adestrar e o nadador ser adestrado, fomentar a **Etapas para Adestrar**.

Realizar un seguimento completo dos deportistas, e das súas persoas adestradoras, por períodos que estarán delimitados polas competicións máis importantes da tempada como son os Campionatos de España de inverno e verán

I Período: Dende 6 de outubro ata o 29 de marzo.

II Período: Dende o 6 de abril ata o 26 de xullo.

Avaliar as capacidades físicas, técnicas e tácticas dos nadadores durante a tempada.

Fomentar unha actitude e uns valores no concepto de perseveranza que favoreza o desenvolto deportivo e persoal dos deportistas, creando un grupo de traballo que a medio-largo prazo sexa a base da nosa natación absoluta.

Motivar, axudar e apoiar a labor dos técnicos/as nos clubs. A súa implicación é fundamental para o futuro da nosa natación.

Favorecer a interrelación dos nadadores e persoas adestradoras dos clubs galegos cos responsables técnicos federativos.

2. Desenvolvemento do programa

Constará de varias partes:

Sets/tarefas propostas pola Dirección Técnica.

Estas terán o obxectivo de controlar e monitorizar o traballo dos deportistas tanto na auga como fóra dela. Poderán ser básicas incluídas dentro dun traballo xeral ou máis específicas dentro da parte máis próxima ás Competicións importantes.

Partillar información dos deportistas coa Dirección Técnica.

A idea é que os Adestradores compartan información durante o período coa Dirección Técnica. Esta información pode ser de diversa natureza. Porcentaxe de asistencia, sets realizados en seco, auga, etc...

Realizar adestramentos con nadadores e responsables do CGTD en Pontevedra. *

Teremos a posibilidade que os nadadores do programa compartan sesións cos bolseiros do CGTD. A idea é que realicen adestramentos conxuntos. Haberá un calendario de asistencia rotativo que dependerá da dispoñibilidade dos adestradores do CGTD.

**pendente por imposibilidade de instalacións*

3.Criterios de selección/requisitos

I período

Formarán parte do programa os nadadores de categoría infantil que cumpran un dos seguintes requisitos:

- Medallistas Campionato de España Infantil e Alevín de verán na tempada 2024-2025
- Finalista Campionato de España Infantil e Alevín de verán na tempada 2024-2025
- Marca acreditada no ano 2025 para poder participar nos Campionatos nacionais de inverno e verán da tempada 2025-26 ou cunha marca inferior a un 2% de diferenza coa mínima nacional.

A Dirección Técnica poderá incluír nadadores que non cumpran os requisitos, pero si teñan unha serie de condicións físicas ou técnicas analizadas durante a tempada pasada. Teranse en conta a nadadores que solicitaron bolsa para o CGTD para a presente tempada.

A maiores, para o primeiro período, poderase convocar a nadadores tendo en conta os resultados da X Copa de España de Augas Abertas e as súas marcas en piscina.

A Dirección Técnica resérvase o dereito de excluír nadadores que cumpran criterios analizando cada situación de maneira particular.

II período (publicaránse a partir de marzo 2026)

Nadadores seleccionados

I período

Categoría Masculina:

Nadador	Ano	Clube
Marcos Garabatos Crespo	2011	CNMOS
Lois Chan Vázquez	2011	GALAICO
Adrián Fernández Abel	2011	POR-MIÑA
Diego Troitiño Hermida	2011	NFERROL
Guillermo Álvarez González	2011	POURENSE
Pedro Rodríguez Justo	2011	RBAIXAS
Miguel Rey Fernández	2011	NREDON
Guillermo Simón Garrido	2012	CNLICEO

Categoría Feminina:

Nadadora	Ano	Clube
Alba Lamas Santos	2011	ADFOGAR
Iraide Cebey Fidalgo	2011	CNLICEO
Eva Gerveno Prada	2011	SCASINO
Noa Ferreiro Figueiras	2011	ADFOGAR
Blanca Vieiras Martín	2011	NORDES
Alba Lema Castro	2011	POR-MIÑA
Manuela Isabelle Trinidad Vázquez	2011	FLUVLUGO
Marlene Rocha González	2011	GALAICO
Rita Tubio Sueiro	2011	SDBOIRO
Lucía Cagiao Villar	2011	SCASINO
Alejandra González Tubio	2011	SDBOIRO
Sara Carreira Fernández	2012	CULLEREDO
Patricia López Fernández	2012	POR-MIÑA
Silvia Ortiz Esparza	2012	CNLICEO
Aroa Jiménez Filgueira	2012	NFERROL
Rocío del Carmen Ramos Pérez	2012	NFERROL
Carla Giance García	2012	ADFOGAR
Mar Díaz Pache Cidoncha	2012	SCASINO
Martina Gómez Pedrouzo	2012	FLUVLUGO
Iratí Martínez Quijada	2012	NFERROL

4.Datas, sedes e adestradores

O día dos adestramentos presenciais no CGTD serán os venres pola tarde, en horario de 15:30 a 18:00.

Para unha mellor organización dos clubs, elaborárase un calendario de asistencia consensuado cos adestradores dos nadadores e os do CGTD.

Para poder levar a cabo estas sesións conxuntas, deberá estar presente, polo menos, unha persoa adestradora extra. Esa persoa convocarase de maneira oficial, aínda que poderán asistir tódolos que queiran.

Durante o tempo que a piscina do CGTD non esté disponible, buscarase outra posibilidade para poder facer algún adestramento conxunto de todo o grupo.

Daniel Toro Varela

Director Técnico Natación da FEGAN